

## CONVOCATORIA DE PRAZAS DE “CORRESPONDENTES UNIVERSITARIOS” NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA. CURSO 2016/2017

A Universidade da Coruña fai pública a convocatoria de prazas de “*Correspondentes Universitarios*” na Universidade da Coruña.

### OBXECTO DO PROGRAMA DE “CORRESPONDENTES UNIVERSITARIOS”

O obxecto da aplicación do programa de “*Correspondentes Universitarios*” na Universidade da Coruña é difundir a información xerada desde a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado (DXXPV) da Consellería de Política Social entre o alumnado da Universidade da Coruña, favorecendo a participación dos mozos e mozas tanto na elaboración como na difusión da información entre iguais.

### REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Todas as persoas solicitantes dunha praza de “*Correspondente Universitario*” deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculado e ao corrente do pagamento no curso 2016/2017 na Universidade da Coruña en estudos oficiais de grao.
2. Non estar en posesión nin reunir os requisitos legais para a expedición dun título universitario na data de finalización do prazo de presentación da solicitude da convocatoria, agás se a dita titulación é o requisito académico para continuar os estudos na Universidade da Coruña.
3. Os “*correspondentes universitarios*” deberán manter a condición de estudantes dalgunha das titulacións oficiais que se imparten na Universidade da Coruña durante todo o curso 2016/2017.
4. A perda da condición de estudante dalgunha das titulacións oficiais que se imparten na Universidade da Coruña supoñerá o cesamento automático do seu posto de “*correspondente universitario*” e a perda dos dereitos que este leva consigo.

### FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes, segundo o modelo do anexo I, presentaranse no Servizo de Estudantes SAPE-LERD (Pavillón de Estudantes, Campus de Elviña, A Coruña), ou no SAPE do Campus de Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo, andar baixo, Campus de Esteiro, Ferrol).

Deberase acompañar a seguinte documentación:

- No caso de estudantes matriculados en primeiro por primeira vez, certificación académica detallada da titulación de acceso aos estudos universitarios.
- Carta de motivación para a solicitude da praza, recomendándose incluír as actividades extra académicas realizadas.

## COMISIÓN DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A Comisión de Selección estará constituída pola vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, polo adxunto de Participación, dous membros do SAPE e un representante dos estudantes no Consello de Goberno.

Para a selección dos “*correspondentes universitarios*” terase en conta o expediente académico e a carta de motivación presentada. Concederase unha praza por cada 650 alumnos ou fracción do total de alumnos matriculados nas titulacións de grao de cada centro (Anexo II).

Publicarase na páxina web da Universidade da Coruña unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas e abrirase un prazo de cinco días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo, procederase á resolución da adxudicación das prazas e á súa publicación no mesmo lugar en que se publicou a convocatoria.

Contra a resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición perante o reitor no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

## FUNCIÓNS DOS “CORRESPONDENTES UNIVERSITARIOS”

As funcións dos “*correspondentes universitarios*” son as seguintes:

- Xestionar un taboleiro informativo no que haberá información sobre temas de interese para a xuventude e difundir a información no centro no que estuda.
- Difundir a información sobre os distintos programas e iniciativas para a xuventude que haxa no portal <https://xuventude.xunta.es> e/ou aquela outra que reciban a través dos medios ao seu alcance: redes sociais, compañeiros da residencia, facultades, etc., e que sexa de interese para eles.
- Asistir ás reunións de coordinación que se convoquen, así como aos cursos de formación organizados pola DXXPV e destinados aos correspondentes xuvenís.
- Aquelas outras que supoñan a mellora na achega de información á mocidade.

## BENEFICIOS DOS “CORRESPONDENTES UNIVERSITARIOS”

As persoas que actúen como “*correspondentes universitarios*” terán os seguintes beneficios:

- Recibirán gratuitamente formación en materia de información xuvenil.
- Recibirán gratuitamente o carné xove, o carné internacional e o carné de alberguista durante o ano escolar no que estean como correspondentes.
- Recoñeceráselles a través dun certificado o tempo dedicado como “*correspondentes universitarios*”, así como a experiencia e competencias adquiridas a través do certificado de educación non formal en materia de xuventude.
- A Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria expediralles unha certificación que acredite a participación no programa “*Correspondentes Universitarios*” para a solicitude de créditos, ata un máximo

de 3 ECTS, coa correspondencia de 1 crédito por cada 10 horas, por participación en actividades universitarias.

- Asignaráselles un titor da Universidade que coordinará e orientará as súas actividades en colaboración cos coordinadores do programa designados pola Consellería.

## **PRAZO DE SOLICITUDE**

O prazo de solicitude será dende a publicación desta convocatoria até as 14.00 h. do día 17 de marzo.

A Coruña, 27 de febreiro de 2017.

A vicerreitora de Estudiantes, Participación e Extensión Universitaria

Margarita Amor López

ANEXO I



Vicerreitoría de Estudantes, Participación  
e Extensión Universitaria

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PROGRAMA DE “CORRESPONDENTES UNIVERSITARIOS”

CURSO 2016/2017

SOLICITUDE DE PRAZA

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

ENDEREZO DURANTE O CURSO: \_\_\_\_\_

POBOACIÓN: \_\_\_\_\_ CÓDIGO POSTAL: \_\_\_\_\_

D.N.I. nº: \_\_\_\_\_ TELÉFONO: \_\_\_\_\_

CENTRO ONDE ESTÁ MATRICULADO: \_\_\_\_\_

TITULACIÓN: \_\_\_\_\_

A CORUÑA/FERROL, \_\_\_\_\_ DE \_\_\_\_\_ DE 2017

ASDO.: \_\_\_\_\_

**DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE A SOLICITUDE**

- Certificación académica do expediente bacharelato (en caso necesario)
- Carta de motivación

**SRA. VICERREITORA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E  
EXTENSIÓN UNIVERSITARIA**

## ANEXO II

### NÚMERO DE PRAZAS DE "CORRESPONDENTES UNIVERSITARIOS" POR CADA CENTRO

CENTRO	Nº
ETS DE ARQUITECTURA	2
ETS DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS	1
ETS DE NÁUTICA E MÁQUINAS	1
ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA	1
FACULDADE DE CIENCIAS	2
FACULDADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN	1
FACULDADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	3
FACULDADE DE CIENCIAS DA SAÚDE	1
FACULDADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A E.F.	2
FACULDADE DE DEREITO	2
FACULDADE DE ECONOMÍA E EMPRESA	3
FACULDADE DE FILOLOXÍA	1
FACULDADE DE FISIOTERAPIA	1
FACULDADE DE INFORMÁTICA	2
FACULDADE DE SOCIOLOXÍA	1
ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR	1
ESCOLA UNIVERSITARIA DE DESEÑO INDUSTRIAL	1
ESCOLA UNIVERSITARIA POLITÉCNICA	1
FACULDADE DE CIENCIAS DO TRABALLO	1
FACULDADE DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA	1
FACULDADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN	1